

O BARCO DE VALDEORRAS

ANUNCIO

Trala aprobación inicial o 6 de abril de 2006 da Ordenanza municipal reguladora para a prestación do servizo de xantar na casa, e dado que durante o período de información pública non se presentaron reclamacións ou alegacións, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70 da Lei 7/1985, procédese á publicación de texto íntegro da modificación, para os efectos da súa entrada en vigor no prazo do artigo 65.2 da Lei 7/1985.

ORDENANZA REGULADORA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO XANTAR NA CASA

O Concello do Barco, ten unha poboación de 13.853, habitantes dos cales o 16.66% teñen máis de 60 anos

Segundo datos do Padrón Municipal de Habitantes, hai 1075 persoas de máis de 75 anos que viven solas.

Hai 492 persoas con minusvalía recoñecida polo Equipo de Valoración e Orientación da Xunta de Galicia.

Neste contexto o Concello do Barco de Valdeorras, ve conveniente e preciso prestar o servizo "Xantar na casa".

Este recurso podería ser unha contribución á conciliación da vida familiar e laboral.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, incorpora dentro do programa de servizos sociais diversas actuacións entre as que podemos citar a presente.

A Lei de bases de réxime local establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

No artigo 25.2.K desta lei sinálase que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "prestación dos servizos sociais e promoción e reinserción social".

CAPÍTULO I

Art. 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo de comedor "xantar na casa".

Art.2.- FUNCÍONS.

Este servizo público ten como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas maiores ou con minusvalías que lle provocan certo nivel de dependencia.

Con este servizo tentarase complementar o servizo de axuda no fogar que presta o Concello do Barco, e prestar maior atención ás persoas que o precisen no seu propio contorno de convivencia, retrasando ou evitando os internamentos en centros.

O servizo prestarase con respecto á dignidade persoal e o dereito individual a programar a propia forma de vida, con autonomía individual na toma de decisións que lle afecten.

Art. 3.- DOS USUARIOS.

3.1.- Poderán ser usuarios deste servizo de comedor as seguintes persoas ou grupos:

Persoas maiores que vivan soas e con certo nivel de dependencia que non teñen ninguén que os atenda o suficiente en actividades básicas da vida diaria: preparar a comida, etc.

Unidades de convivencia formadas por dúas ou varias persoas maiores con certo nivel de dependencia e que precisan axuda nas tarefas antes mencionadas.

Persoas con discapacidades que grazas a estes servizos poidan ver mellorada a súa calidade de vida.

Persoas en xeral que pola situación de enfermidade ou falta de recursos sociais ou económicos teñen dificultades para desenvolverse por si mesmas.

3.2. Requisitos xerais para ter acceso ó servizo:

- Empadramento e residencia no termo municipal do Barco de Valdeorras.
- Que non presenten un grao de deterioro físico ou psiquiátrico tal que precisen un internamento asistido, posto que estes servizos son prestados no fogar dos usuarios.
- Que reúnan as condicións persoais, sociais e económicas previstas no baremo. Non obstante o baremo só se aplicará cando o número de usuarios supere a capacidade operativa (medios materiais) do servizo.

De existir esta demanda, priorizaranse os usuarios, de acordo co baremo previsto para o efecto.

CAPÍTULO II

PROCEDEMENTO DE ACCESO AO SERVIZO.

Art.4

4.1.- As persoas interesadas no servizo presentarán unha solicitude que lles será facilitada nos servizos municipais.

Non obstante, os servizos sociais poderán de oficio, diante de situacións de necesidade obxectivada, promover, con consentimento da persoa, a prestación de tales servizos.

4.2.- Deberán xuntar coa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI de todas as persoas que vivan en casa
- Copia da declaración da renda ou certificación negativa de Facenda.
- Certificado da pensión ou pensións.
- Declaración doutros ingresos, de existiren.
- Informes médicos e/ou cualificación de minusvalía expedida polos equipos de valoración e orientación.
- Os Servizos Sociais, solicitarán os certificados de empadramento e padróns municipais.

4.3. As solicitudes serán avaliadas de acordo cos requisitos deste regulamento, así como, se é o caso, o baremo aprobado para o efecto. Non obstante o baremo selectivo só será preciso aplicalo no caso de que a demanda exceda da capacidade operativa do servizo.

A traballadora social elevará informe proposta á Xunta de Goberno Local para que de xeito motivado emita a resolución que proceda, ao abeiro do ordenamento xurídico.

En caso de urxencia, a resolución de admisión ao servizo, poderá ser adoptada pola Alcaldía., de acordo co baremo desta ordenanza

Art.5.-BAREMO PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE USUARIOS.

5.1.- Este baremo soamente se aplicará no caso de que a demanda de servizos supere a súa capacidade operativa.

5.2.- Respecto do baremo aplicarase o previsto para o servizo de axuda no fogar e publicado no BOP de 27 de marzo de 2001 (anexo a este regulamento).

CAPÍTULO III RÉXIME ECONÓMICO

Art. 6.- Este servizo financiarase coas achegas procedentes das administracións públicas ou institucións, incluídas as transferencias que poida efectuar o propio Concello e coas achegas das persoas beneficiarias, en forma de taxa, prezo público ou a figura impositiva correspondente, segundo se determine na oportuna ordenanza.

CAPÍTULO IV DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

Art.7

O Concello do Barco de Valdeorras velará polo bo funcionamento deste servizo, exercendo as facultades tutelares sobre os seus usuarios, de acordo co sistema de competencias establecido na lexislación básica de réxime local.

Baixo a dirección política municipal que resulte da organización político-administrativa a actividade ordinaria deste servizo de xantar na casa, terá como responsables administrativos dentro do Concello para a súa supervisión a:

-Traballadora social adscrita a Servizos Sociais, que se encargará das tarefas desta natureza.

-Persoal do servizo económico-administrativo que se encargará da xestión desta natureza, acorde co procedemento legalmente establecido.

Art. 8.- DO RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

8.1.- Xantar na casa, inclúe a preparación ou elaboración das comidas do xantar que serán trasladadas ao seu fogar.

As persoas usuarias deste servizo coñecerán os menús dispoñibles e dentro destes terán dereito a elixir o que estimen oportuno.

Exclúense deste servizo as dietas alimenticias específicas. Non obstante, serviranse as comidas normais que non leven sal.

Está prohibido que se sirvan bebidas alcohólicas.

O servizo poderá estar aberto sábados e domingos.

O servizo inclúe o transporte en vehículo, sanitariamente homologado e dentro de bandexas térmicas, ata o fogar da persoa beneficiaria.

CAPÍTULO V DEREITOS E DEBERES.

Art.9.- DEREITOS.-

As persoas beneficiarias do servizo, xantar en casa, terán os seguintes dereitos:

1.- Acceder aos servizos e recibilos sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición circunstancial, persoal ou social. As persoas que padezan algunha discapacidade gozarán da protección que lles atribúen as leis e, en todo caso, a prestación destes servizos garantirá a súa plena integración.

2.- Á debida consideración no trato por parte do persoal do servizo.

3.- O segredo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social.

4.- A unha asistencia individualizada acorde ás súas necesidades específicas.

A coñecer con antelación os menús.

- 5.- A deixar de utilizar o servizo por vontade propia.
- 6.- A utilizar as vías de reclamacións, queixas, preguntas ou suxestións.
- 7.- A seren indemnizados polos danos que lle ocasione o funcionamento do servizo.

Art. 10.- DEBERES

Terán ademais dos deberes que resulten do ordenamento xurídico, os seguintes:

- 1.- Cumprir as normas sobre o acceso e utilización dos servizos, establecidas no presente regulamento e no resto do ordenamento xurídico.
- 2.- Tratar co máximo respecto o persoal do servizo e coidar os utensilios empregados.
- 3.- Facilitar a información precisa, que non afecte a súa intimidade e redunde na mellora das prestacións.
- 4.- Avisar dos cambios que se produzan na unidade de convivencia e que afectaron a concesión do servizo, así como das ausencias do domicilio.

Art.11.- En todo caso serán tamén de aplicación os dereitos e deberes sinalados no capítulo terceiro da lei 4/1993, do 14 de abril de servizos sociais de Galicia.

CAPÍTULO VI

PERDA DA CONDICIÓN DE PERSOA USUARIA DO XANTAR NA CASA.

Art.12.- A condición de persoa beneficiaria destes servizos perderase polas seguintes causas:

- Falecemento
- Modificación das causas que deron lugar a concesión da prestación.
- Ingreso nun centro residencial
- Por precisar asistencia ou axuda para a realización das actividades da vida diaria de carácter especializado, que non corresponde co servizo.
- Por renuncia voluntaria dos usuarios ou representantes legais.
- Por incumprimento reiterado das obrigas propias deste servizo.
- Por incumprimento reiterado no pagamento das cotas establecidas na ordenanza fiscal.
- Por deixar de prestarse o servizo.
- Por non ter créditos suficientes e ter que priorizar entre os beneficiarios do xantar na casa.

CAPÍTULO VII

RÉXIME SANCIONADOR.

As persoas usuarias do xantar na casa, serán as responsables dos danos e prexuízos que por acción ou omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios.

Sen prexuízo da responsabilidade penal ou civil en que puidera incorrer, serán obxecto de procedemento sancionador que, con carácter xeral, establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Art. 14

Para os efectos previstos no artigo anterior, as faltas clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Faltas moi graves:

- a) A reiteración de tres ou máis faltas graves.
- b) A agresión física ou malos tratos de cara ao persoal que traballe neste servizo.
- c) Falsear ou ocultar declaracións ou achegar datos inexistentes en relación coa condición de usuario/a do servizo.
- d) Ocasionar danos relevantes nos bens e medios propios do servizo

Faltas graves:

- a) A reiteración de tres ou máis faltas leves.

- b) Entorpecer, intencionadamente e habitualmente, as actividades para realizaren os servizos.
- c) A subtracción de bens ou calquera clase de obxecto propiedade do servizo.
- d) A demora inxustificada do pagamento da taxa, prezo público ou figura impositiva correspondente.
- e) A utilización do servizo, aínda que fose temporal, por parte de familiares e/ou amigos.

Faltas leves:

- a) Falta de respecto, actitudes desconsideradas ou inconvenientes de cara ao persoal adscrito o servizo.
- b) O descoído ou negligencia no uso dos medios que afectan o servizo.
- c) Calquera outro incumprimento que non teña a consideración de falta grave ou moi grave.

Art.15

As sancións que se impoñan aos beneficiarios/as do xantar na casa serán as seguintes:

Faltas moi graves:

- Suspensión temporal da prestación deste servizo por un período superior a un mes, podendo chegar ata a expulsión definitiva.

Faltas graves:

- Suspensión temporal do servizo por un período de 10 días ata un mes.

Faltas leves:

- Amoestación verbal ou escrita.

Para a graduación das sancións previstas teranse en conta as circunstancias persoais do autor ou autora responsable, tales como a idade, condicións físicas e psíquicas, nivel de formación, así como a transcendencia dos feitos e a alarma, intranquilidade ou inquietude producida entre o persoal, ademais das mostras de arrepentimento da persoa e a reparación inmediata dos danos ou prexuízos ocasionados.

Art.16

As faltas leves prescribirán aos dous meses, as graves aos catro e as moi graves ao ano, sempre que durante estes períodos de tempo non se lle comunicase ao interesado a incoación do expediente ou, no caso de faltas leves, se lle impuxese unha sanción.

As faltas serán sancionadas polo alcalde.

DISPOSICIÓN FINAL

1.- Correspóndelle ao Concello do Barco de Valdeorras, por medio da súa Xunta de Goberno Local, aplicar e interpretar as disposicións contidas neste regulamento, sen prexuízo das facultades que en todo caso lles correspondan aos tribunais.

2.- Elaborarase un documento, na modalidade de contrato, que asinará a empresa adxudicataria do servizo e o usuario e no que se fixará polo menos o réxime de dereitos de deberes no funcionamento diario do servizo.

3.- Poderá constituírse unha comisión de seguimento, composta polos membros que determine a Alcaldía, co fin de garantir os dereitos dos usuarios/as e unha axeitada prestación do servizo.

4) Para o non previsto neste Regulamento acatarase o disposto na Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Lei 7/85 de 2 de abril e regulamentos que a desenvolven, Lei 4/93 de 14 de abril de servizos sociais de Galicia, Lei 3/97 de 9 de xuño Galega de protección á familia, infancia e adolescencia e demais normativas estatais e autonómicas de protección á familia, infancia e adolescencia.

ANEXO

BAREMO PARA A SELECCIÓN DOS USUARIOS

Para a estimación das condicións de necesidades de acceso ao servizo (SAF) teranse en conta criterios diferenciados en función da posible poboación destinataria do dito servizo, así como a problemática presentada. Prevense dúas situacións susceptibles de valoración.

1. Situacións de déficit de autonomía (persoas con problemas de autonomía persoal).
2. Situacións de desaxustes familiares ou conflitos psicosociais.

1.- SITUACIÓNS DE DÉFICIT DE AUTONOMÍA PERSOAL. (Puntuación máxima 138 puntos)

Estas situacións estimaranse conforme co seguinte baremo:

Valorarase a capacidade da persoa para realizar certas actividades da vida diaria.

Teranse en conta os aspectos que se sinalan a continuación da seguinte forma:

Normalmente = 0 puntos.

Con dificultade = 2 puntos.

Non pode = 5 puntos.

- Pode limpar e fregar a casa.
 - Pode lavar, tender e pasar o ferro.
 - Pode cociñar e lavar os pratos.
 - Pode erguerse, deitarse na cama, cadeira ou cadeira de brazos.
 - Pode erguerse e espirse.
 - Pode asearse e bañarse.
 - Pode andar só/soa.
 - Pode comer só/soa.
 - Posúe control de esfínteres.
 - Posúe orientación temporal e espacial.
 - Posúe actitude coherente.
 - Sen alteracións psíquicas.
 - Pode realizar compras nas tendas do barrio.
 - Pode realizar xestións (médico, bancos,...).
 - Pode subir escaleiras.
 - Permanece encamado/a (non, con frecuencia, si).
- SITUACIÓN FAMILIAR. (Puntuación máxima 10 puntos.)
- (10 puntos): Vive só/soa e carece de familiares.
 - (9 puntos): Convive con persoas sen capacidade para atendelo/a.
 - (3 puntos): Maiores de 65 anos.
 - (3 puntos): Minusválidos/as ou enfermos/as.
 - (1 punto): Carencia de tempo.
 - (2 puntos): Incapacidade para organizarse.
 - (5 puntos): Vive só/soa pero hai familiares (fillos/as ou netos/as) con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou menos de 20 Km.
 - (5 puntos): Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades.
 - (1-0 puntos): Outros, ¿cáles? ...

- SITUACIÓN SOCIAL. (Puntuación máxima 18 puntos)

Valoraranse as condicións da vivenda, así como o contorno da persoa.

A. Vivenda. (1 punto por cada ítem, ata un máximo de 12 puntos.)

- Non ten luz eléctrica.
- Non ten auga corrente.
- Non posúe WC.
- Non posúe cuarto de baño completo.
- Non ten neveira.
- Non ten quentador.
- Non ten lavadora.
- Estrutura en moi mal estado.
- Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade.
- Posúe barreiras arquitectónicas.
- A superficie mínima de vivenda é insuficiente (15 m² /persoa.)
- Vivenda illada do núcleo onde se localizan os servizos básicos.

B. Contorno. (Puntuación máxima 6 puntos)

(1 punto) : Ten solicitado internamento.

(2 puntos): Debe ingresar nun centro pero non quere.

(3 puntos): Non ten posibilidade de ingreso pero necesítalo.

(3 puntos): Situación de illamento.

- SITUACIÓN ECONÓMICA. (Puntuación máxima 30 puntos)

- Ingresos por salarios, pensións, prestacións do INEM, ...

- Xuros bancarios (sup. a 360 €/anuais).

- Rendementos de capital mobiliario.

- Outros ingresos en metálico (alugueiros, doazóns,...).

- Aqueles bens mobles e inmoables sobre os que se posúa calquera clase de dereito, que polas súas características (valoración, posibilidade de explotación ou venda) indiquen a existencia de medios suficientes (aplicarase o 2% do valor catastral). Excepto a vivenda propia.

* Descontarase á suma total dos ingresos o importe do aluguer da vivenda (sempre que sexa de uso habitual) así como os gastos de amortización da hipoteca dela e os gastos dun servizo doméstico complementario, sempre que sexa estritamente necesario. Co resultado desta operación farase unha media mensual (renda base) e coa aplicación da **táboa 1** obterase a puntuación deste apartado.

* Nas unidades de convivencia nas que as relacións sexan moi conflitivas, só se terá en conta a situación económica do solicitante.

- A situación económica terase máis en conta para aboar por parte do beneficiario a taxa pola prestación do servizo, que para o acceso a este; salvo que o dito acceso fose en prexuízo doutros beneficiarios con inferiores medios económicos e coa mesma ou similar necesidade de autonomía persoal ou factores sociofamiliares.

Táboa 1: Para baremar a situación económica.

Renda Base (SMI)	1 Persoa	2 Persoas	3 Persoas	4 Persoas	5 ou máis persoas.
Inferior ao 60%	25	29	30	30	30
Entre 60% - 70%	23	26	28	29	30

Entre 70% - 80%	19	23	26	27	28
Entre 80% - 90%	16	20	23	25	26
Entre 90% - 100%	13	17	21	22	24
Entre 100% - 110%	10	14	18	20	22
Entre 110% - 120%	6	11	15	18	20
Entre 120% - 130%	3	9	13	16	18
Entre 130% - 140%	0	8	10	13	16
Entre 140% - 150%	0	3	8	11	14
Entre 150% - 160%	0	0	5	9	12
Entre 160% - 170%	0	0	2	7	10
Entre 170% - 180%	0	0	0	4	8
Entre 180% - 190%	0	0	0	2	6
Entre 190% - 200%	0	0	0	0	4
Entre 200% - 210%	0	0	0	0	2

ESTIMACIÓN TÉCNICA: Será realizada pola/o técnico/a responsable do SAF sobre a conveniencia ou necesidade da prestación do servizo.

2.- SITUACIÓNS DE DESAXUSTES FAMILIARES OU CONFLITOS PSICOSOCIAIS. (Puntuación máxima 138 puntos).

Estas situacións valoraranse en función do seguinte baremo:

- SITUACIÓN FAMILIAR.

A. Familias con menores a cargo. (Puntuación máxima 90 puntos).

(85 puntos): Familias con máis dun membro xerador de conflito.

(80 puntos): Familias cun membro xerador de conflito.

(75 puntos): Familias en que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións intelectuais para a axeitada atención dos menores.

(70 puntos): Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada ...) non poden atender os menores.

(65 puntos): Familias que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada ...) non poden atender os menores.

(60 puntos): Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, de aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización, ...).

* A puntuación anterior incrementarase 1 punto por cada menor, ata un máximo de 5 puntos para familias con 5 ou máis menores ao cargo.

B. Familias sen menores a cargo. (Puntuación máxima 60 puntos).

(60 puntos): Familias con máis dun membro xerador de conflito (alcoholismo, toxicomanía, enfermidade mental, ...)

(55 puntos): Familias cun membro xerador de conflito.

(50 puntos): Persoas carentes da formación necesaria para o axeitado desempeño das actividades cotiás básicas.

- SITUACIÓN SOCIAL. (Puntuación máxima 18 puntos).

A. Vivenda.

(Empregaranse os mesmos criterios que para a situación 1).

B. Contorno. (Puntuación máxima 6 puntos).

(2 puntos): Malas relacións veciñais.

(2 puntos): Relacións conflitivas ou nulas coas institucións.

(2 puntos): Situación de illamento.

- SITUACIÓN ECONÓMICA. (Puntuación máxima 30 puntos).

(Empregaranse os mesmos criterios que para a situación 1).

ESTIMACIÓN TÉCNICA: Será realizada pola/o técnico/a responsable do SAF sobre a conveniencia ou necesidade da prestación do servizo.

O Barco de Valdeorras, 26 de xuño de 2006. O alcalde